FALTA UN AÑO PARA LA EXPO DEL AGUA Y DEL DESARROLLO SOSTENIBLE

FARO DE VIGO.es
DIARIO DECANO DE LA PRENSA NACIONAL

Quiénes somos | Redacción | Delegaciones | Suscripciones | Publicidad | Club FARO

Portadas en PDF
Ver edición...

Edición ACTUALIZADA
Portada
Galicia
España
Mundo
Sociedad
Cultura
Ciencia y Tecnología
Deportes
Economía

IMAGENES
Actualidad
Sociedad
Deportes
Infografías

Ediciones
Pontevedra
Ourense
Arousa
O Morrazo
Deza - Tabeirós - Montes

Secciones
Portada
Gran Vigo
Comarcas
Galicia
Opinión
España
Mundo
Sociedad y Cultura
Sucesos
Economía
Deportes
Humor
Última
Cartas
Agenda

Servicios
Titulares
Mapa del Web
Buscadores
Encuestas
Foros
Chat
Webcams

PLAN MEJORA
¿Por qué te preocupa la subida de los tipos de interés?
AGENCIA NEGOCIADORA DE PRODUCTOS BANCARIOS

BAIXO MIÑO

# Xosé María Álvarez Cáccamo, escritor: "O meu pai era un home paciente e un optimista incombustible"

**O escritor e poeta vigués espera que a obra do seu proxenitor, Xosé María Álvarez Blázquez, "reviva" por adicarlle o Día das Letras de 2008.**

**Eva González / TUI**



**Xosé M. Álvarez Cáccamo.** / *M. NÚÑEZ*

SERVICIOS
Enviar esta página
Imprimir esta página
Contactar
Anterior Volver Siguiente

Noticias relacionadas
Sucesor con obra poética
. Comarcas

Multimedia
Imágenes

Xosé María Álvarez Cáccamo, escritor e fillo primoxénito de Xosé María Álvarez Blázquez, persoeiro tudense a quen a Real Academia Galega adicará o Día das Letras Galegas do próximo 2008, describe os trazos da personalidade do seu pai que define como "un optimista incombustible, un home cunha capacidade enorme, paciente, humilde e un gran conversador". Agarda que co recoñecemento público "reviva" a súa obra, se reedite e se revise.

- ¿Cómo recebeu a boa nova que dimensiona universalmente á figura do seu proxenitor?

- Toda a familia a vive con unha grande emoción. É unha gran oportunidade para que se revise e sexa reeditada a obra do meu pai. É como darlle de novo vida.

- ¿Obra que escollería como a máis identificativa da súa traxectoria?

- "Canle segredo", libro que xa foi reeditado e pareceme fundamental. Hai outro de investigación histórica "La ciudad y los días", que se publicou inicialmente en tirada limitada e creo moi interesante para tódolos vigueses e galegos. É un calendario, día a día, desde a Idade Media ao seculo XX. É de lectura amena e lle teño un especial cariño.

- Si o seu pai vivise este momento ¿qué gustaríalle máis?

- O simple feito da homenaxe. Estaría contento da reedición da súa obra. De que houberan investigadores para analizala. Que se puxera no seu debido valor o traballo que fixo como editor.

- ¿Facetas que lembra como trazos inesquecibles da súa personalidade?

-O meu pai foi un gran conversador. Eu encontro en falta moitas veces eses momentos entrañables. Tiña unha capacidade enorme, moitísima paciencia, vontade. Era un optimista incombustible.

- ¿Espera con especial ledicia algún dos momentos previstos nos actos do próximo ano 2008?

-Especial é todo. Os actos se van espallando durante o ano. Especiais serán os que se fagan en Tui ou en Vigo, o día 17 de maio.

- ¿Lembranzas que tiña na súa memoria e lle comentara sobre o tempo que viviu en Tui?

-Viviu a súa nenez. Tiña recordos moi gratos. Despois a vida deu unha dramática volta e non quería remexer. Falábanos da casa do barrio do Rollo. Teño vistas algunhas fotografías. Tamén nos contou que eran cazadores varios da familia. Hay fotografías de cando se bañaban no río Miño, que supoño sería a grande diversión do verán.

Inicio

Breves en Faro de Vigo - Contratación de anuncios breves
¡Fácil, rápido y seguro! farodevigo.brevesnet.com
Anuncios Google    Anunciarse en este sitio

FARO DE VIGO .es
© 1999-2005 Factoría de Chapela-Redondela 36320 PONTEVEDRA Galicia ESPAÑA Tel. +34 986814600 Fax +34 986814614
RSS    Aviso legal    Publicación electrónica auditada por

Otras publicaciones del grupo Editorial Prensa Ibérica:
Diari de Girona - Diario de Ibiza - Diario de Mallorca - Empordà - Información - La Nueva España - La Opinión A Coruña - La Opinión de Granada - La Opinión de Málaga - La Opinión de Murcia - La Opinión de Tenerife - La Opinión de Zamora - La Provincia - Levante-EMV - El Boletín - Mallorca Zeitung - Regió 7 - Súper Deporte - The Adelaide Review